

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A APLICACIÓN DA GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA NA ESCOLA INFANTIL 0-3 BREOGÁN DE TITULARIDADE DESTA ÚLTIMA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, **DECLARA:**

Que a Consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de setembro de 2023 ata o 31 de agosto de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular o marco da colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a USC para a aplicación dunha bonificación do 100% do prezo correspondente á atención educativa prestada na escola infantil da titularidade desta última no curso 2023/2024, a través da concesión dunha subvención pública.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Política Social e Xuventude, ao abeiro do disposto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da Administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de acción social de apoio á familia, entre outras. Neste eido correspóndelle a adopción das medidas que garantan un ambiente favorable para o libre desenvolvemento das familias, as cales están sendo articuladas a través do



Programa de Apoio á Natalidade (PAN). Este programa traballa sobre a dimensión socioeconómica da cuestión demográfica e ofrece solucións para favorecer que a poboación poida ter o número de fillos/as que desexe, paliando o custo que leva aparelhada a crianza e coidado dos fillos e fillas e propiciando un ambiente social favorable no que non entren en conflito as responsabilidades parentais de coidado co acceso e permanencia no mercado de traballo.

Na procura dos anteriores obxectivos enmarcouse a modificación operada a través da Lei 7/2019, do 23 de decembro de 2019, de medidas fiscais e administrativas, que engadiu no seu artigo 23.Seis unha disposición adicional novena á Lei 13/2008, do 3 de decembro, na que se recollen as actuacións previstas para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos.

O apartado 5 da dita disposición, na redacción dada polo artigo 24 da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro de 2021, de medidas fiscais e administrativas, establece que a consellaría competente en materia de servizos sociais adoptará medidas tendentes a promover e fomentar que as entidades públicas distintas das administracións Autonómica e municipal, así como as entidades privadas, que sexan titulares ou que xestionen escolas infantís de 0-3 anos, apliquen para o segundo fillo ou filla da unidade familiar e sucesivos/as unha bonificación do 100 % da contraprestación pecuniaria que teñan establecida pola atención educativa e que entre tales medidas poderá estar a do establecemento de subvencións, sendo nestes casos a cargo das entidades a contía da bonificación no que exceda da contía da subvención outorgada pola Administración autonómica.

Continuando coa consecución de ditos obxectivos, para o ano 2022 e a través do disposto no artigo 29. dous da Lei 18/2021, do 27 de decembro de medidas fiscais e administrativas de Galicia, engádese un novo número 7 á disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, establecendo que co fin de consolidar o obxectivo de interese público, por razóns de impulso demográfico e conciliación, de acadar a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos, con efectos económicos a partir do curso escolar 2022-2023, estenderase o réxime establecido nesta disposición á matriculación do primeiro fillo ou filla da unidade familiar, de acordo coa regulación nela establecida para os distintos supostos que recolle.



A natureza da entidade determina que non poda acollerse á Orde do 19 de maio de 2023 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3 para o curso 2023/24 .

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto , e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras

E para que conste , asíñase dixitalmente esta memoria en Santiago de Compostela

